

## RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

O Mestrado ten á súa disposición os materiais e servizos dos que dispón tanto a Facultade de CC. da Educación como o Campus de Ourense.

Comparte espazos e equipamentos con 4 Titulacións de Grao e outros 4 Posgraos.

As actividades docentes e de servizos distribúense en diversos edificios:

- O Edificio de Facultades na que se atopan, entre outras instalacións, as aulas, salas de videoconferencia, laboratorios e servizos do decanato.
- Pavillón 1 e Pavillón 2 nos que se atopan os despachos do profesorado, así como seminarios e algúns laboratorios.
- No Campus tamén comparte con outros centros recursos materiais e servizos, que posteriormente se detallarán.

A Facultade realizou as modificacións necesarias que garanten a accesibilidade: prazas de coche reservadas para minusválidos físicos, servizos hixiénicos adaptados, sinalizacións en braille.

Web Mestrado: <http://webs.uvigo.es/masteraprendizaje/localizacion.htm>

### Aulas e seminarios

#### Aulas

Calquera das aulas da Facultade polo seu tamaño é adecuada para levar a cabo o proceso formativo. As aulas dispoñibles son ao redor de 26. Os prototipos das mesmas responden a tipoloxías espaciais variadas: anfiteatro, aulas con mesas e cadeiras, etc.

O equipamento das aulas empregadas para o desenvolvemento do proceso e o seguinte: canón de proxección, ordenador e equipo de son, así como conexión WIFI, que funciona en toda a contorna da facultade. Tamén contan con outros recursos audiovisuais como televisores, lectores de VHS, vídeo e proxectores de transparencias.

Ademais, existen aulas con equipamento específico estable atendendo ás peculiaridades do proceso formativo en determinadas materias:

- Aula de educación física e expresión corporal que dispón de colchóns, bancos suecos, pequenos materiais (pelotas, aros, cordas, etc.).
- Polideportivo universitario con sala de musculación que contén equipos de tecnoloxía avanzada, squash, mesas de xogos, etc.

- Aulas de música con piano, xilófonos, instrumentos de percusión e de vento, etc.
- Aula de Educación Visual e Artes Plásticas con materiais variados para debuxo e artes plásticas, e que necesitaría un mobiliario específico.

## Seminarios

Para o traballo en pequeno e mediano grupo, así como para reunións específicas do profesorado, o centro conta con 6 seminarios de diferentes tamaños e 4 salas de investigadoras/é.

Para o traballo e estudo persoal o alumnado conta con espazos ou salas de acceso libre a Internet, seminarios, salón de graos, biblioteca, etc. Para o uso dalgúns deles é preciso que soliciten a reserva con antelación.

As zonas empregadas para o traballo, tarefas de estudo e actividades planificadas no programa formativo para o alumnado contan con condicións físico-ambientais adecuadas.

## Espazos do persoal académico

**Despachos:** Todo o profesorado a tempo completo, con independencia da súa categoría, conta con despacho individual. Os docentes a tempo parcial ubícanse en despachos dobres. Todos os despachos están situados nos pavillóns 1 e 2.

### Outras dependencias:

**Sala de reunións e salón de graos,** con un aforo de 20 e 40 persoas respectivamente. **Sala multiusos** con 210 postos.

**Departamentos:** O directorio destes departamentos con docencia na Facultade de Ciencias da Educación de Ourense pódense atopar na web da propia Facultade de CC.EE dentro do apartado de información do centro, ou tamén premendo na seguinte dirección web:

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/web/files/departamentos.pdf>

## Laboratorios

O centro conta con numerosos laboratorios, destacando o de ciencias e didáctica das ciencias, o de idiomas, o de audiovisuais, o de edición de vídeo, o de fotografía e os de tests e de psicoloxía experimental. A maior parte destes espazos especializados posúen dotación informática e audiovisual completa.

O laboratorio de idiomas está dotado con equipamento e material específico, contando ademais con 20 postos informáticos.

Web da facultade/ laboratorio de idiomas: <http://webs.uvigo.es/educacion-ou/web/files/novodir.pdf>

## Salas de informática

Ademais dos postos incluídos no laboratorio de idiomas, existen tres aulas informáticas especializadas para a docencia, que contan cun número de postos que van dende os 35 ata os 40. A ocupación destas aulas está a disposición dos usuarios, con información aberta na web da Facultade:

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/web/?q=node/116>

Para acceso libre a internet contamos cun laboratorio dotado con 75 postos. Ademais, como xa se indicou, todo o recinto universitario conta con conexión WIFI.

Para a atención e o adecuado mantemento das aulas, a Universidade de Vigo convoca bolsas de formación para alumnado con coñecementos previos de informática e uso de novas tecnoloxías.

## Sala de estudio

A facultade conta con unha sala de estudio pa planta 1ª con un total de 150 postos.

Tamén se dispón nas plantas baixa, segunda e cuarta de espazos habilitados con mesas para a realización do traballo en grupo.

## Outros espazos para os/as estudantes

**Espazos de custodia** de materiais e traballos.

**Complexo Residencial As Burgas:** Dispón de 204 prazas en total e diversas instalacións, deseñadas para facer a estancia dos estudantes o máis cómoda posible. A residencia permanece aberta todos os días do ano. A súa dirección é: Avda. Alfonso Rodríguez Castelao, nº 26, no Campus Universitario de As Lagoas 32004-Ourense. Pódese contactar a través do enderezo electrónico [asburgas@uvigo.es](mailto:asburgas@uvigo.es) ou [asburgas@resa.es](mailto:asburgas@resa.es) , ou ben chamando ao teléfono 988 010 400. Este complexo tamén dispón de páxina web propia na dirección [www.resa.es](http://www.resa.es) onde se atopará máis polo miúdo información referida a reservas, oferta,prezos, actividades, etc.

## Biblioteca

A biblioteca de referencia para o alumnado matriculado neste mestrado é a **Biblioteca Central do Campus de Ourense**. Dito espazo ofrece unhas instalacións, recentemente inauguradas, con materiais e tecnoloxías actuais. Pon a disposición un amplo fondo bibliográfico, con 50.000 volumes, varios paquetes de libros electrónicos, 400 títulos de revistas en papel e máis de 500 títulos de

revistas electrónicas, e unha ampla oferta de bases de datos. Ofrece como servizos un catálogo automatizado, préstamo en sala e en domicilio, suxestións de adquisición, fotocopidora, formación de usuarios, información bibliográfica e de referencias, 400 postos de lectura, unha sala de traballo para grupos con 40 postos, 10 computadores para consulta de catálogo e 10 computadores para a consulta de bases de datos e revistas electrónicas. Conta con sistema WIFI e Videoconferencia. Dispón de horario de apertura nocturna en época de exames.

Máis información sobre a Biblioteca en:

[http://www.uvigo.es/uvigo\\_gl/administracion/biblioteca/directorio/ourense.html](http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/biblioteca/directorio/ourense.html)

[http://www.uvigo.es/uvigo\\_gl/administracion/biblioteca/info.html](http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/biblioteca/info.html)

## Servizos dispoñibles

### ▪ Gabinete de Psicopedagogía do Campus de Ourense

Cóntase cun gabinete de psicopedagogía destinado a ofrecer aos estudantes que o necesiten unha orientación e asistencia, ben sexa sobre aspectos estritamente académicos como noutros de tipo persoal.

Máis información na web da Vicerreitoría de extensión universitaria/ gabinete:

[http://extension.uvigo.es/extension\\_gl/gabinete/](http://extension.uvigo.es/extension_gl/gabinete/)

### ▪ OFOE (Oficina de Orientación ao emprego e iniciativas empresariais)

A OFOE presta un servizo integral de información, asesoramento, orientación, formación e xestión en aspectos relacionados fundamentalmente coas saídas profesionais, as prácticas externas e o emprego. Co obxecto de facilitar a inserción laboral, esta oficina actúa para:

- Promocionar un servizo integral de información, asesoramento e formación no ámbito da orientación profesional para o emprego
- Contactar permanentemente cos axentes sociais, económicos e institucionais para coñecer a situación do mercado laboral
- Fomentar as oportunidades de achegamento á práctica e ao exercicio profesional das universitarias/os
- Facer de intermediario no mercado laboral e a demanda, mediante a xestión de prácticas e ofertas de emprego en empresas e institucións

Para o que xestiona bolsas de prácticas en empresas e institucións, ofertas de emprego, organiza talleres e xornadas e diseña proxectos orientados á integración laboral.

Máis información en: <http://areaemprego.uvigo.es/>

### ▪ Ademais cóntase cunha serie de **servizos de extensión universitaria**:

- Servizo de actividades culturais:

<http://vicou.uvigo.es/alumnado/cultura>

- Servizo de deportes:

<http://vicou.uvigo.es/alumnado/deportes>

## Espazos para os representantes dos estudantes

Na Porta nº1 do 1º andar da Facultade de Ciencias da Educación atópase o espazo reservado para a delegación de estudantes. Dita sala conta con equipamento informático.

Ademais no **Pavillón Estudiantil** existen varios locais habilitados para as asociacións estudiantís do Campus.

Web da facultade/información do centro: <http://webs.uvigo.es/educacion-ou/web/files/novodir.pdf>

## Outros equipamentos

**Museo de Historia da Educación**, cunha sala duns cen metros cadrados e un almacén para material non exposto, está dotado con documentación relativa á evolución da escolarización, medios e recursos didácticos de diversas épocas, aula modelo do período franquista e material de proxección para películas de tipo histórico.

## Procedemento documentado da xestión dos recursos materiais

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/web/files/PA07-procedemento-para-a-xestion-de-recursos-materiais.pdf>

## Procedemento documentado sobre a xestión dos servizos

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/web/files/PA08-procedemento-para-a-xestion-dos-servizos.pdf>

**Plan de mellora**

CRITERIO	Denominación da proposta	Punto débil detectado	Ámbito de aplicación	Obxectivos específicos	Actuacións a desenvolver	Responsable da súa aplicación	Período de execución	Recursos/ financiación	Responsable do seguimento	Indicadores de execución	Observacións
<b>Recursos materiais e servizos</b>	Mellora do funcionamento da plataforma DocNet	Pérdida de tempo do persoal docente polo mal funcionamento da plataforma	Universidade de Vigo	Mellorar o funcionamento da plataforma e facilitar a xestión das guías ao profesorado	Comunicar á Área de Apoio, Docencia e Calidade as dificultades detectadas	Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade	Setembro/ 2011 a Xullo/2012	Descoñécese	Decanato	Nº de queixas recibidas.  Acortar o tempo necesario para a elaboración, revisión e aprobación das Guías docentes	

Fonte:

Web facultade/Seguimento de títulos da Facultade/ Mestrado Universitario en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos/ Plan de Mellora Global:

<http://seguimentotitulos.ziblec.com/app/webroot/pdf/50a44e1778dfd.pdf>